



CONCELLO DA LAMA

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº5  
DE DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE O VERDUGO



DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉGICO

oau

Oficina de Arquitectura, Urbanismo & Planificación SLP  
Juan A. Caridad Graña. Col. 2170  
Isidro López Yáñez. Col. 2261

Ames, abril de 2024

**ÍNDICE**

<b>DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE O VERDUGO, A LAMA.....</b>	<b>4</b>
1.- OBXECTIVOS DA DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL.....	4
2.- ALCANCE E CONTIDO DA DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL.....	5
2.1.- Antecedentes .....	5
2.2.- Contido da Delimitación do núcleo.....	6
3.- PROPOSTA DE ALTERNATIVAS (RAZOABLES E TÉCNICA E AMBIENTALMENTE VIABLES) .....	8
4.- DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DA DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL ....	10
5.- CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN DO MEDIO AMBIENTE ANTES DO DESENVOLVEMENTO DA DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL.....	11
5.1.- Situación.....	11
5.2.- Características do relevo.....	13
5.3.- Climatoloxía.....	13
5.4.- Hidrografía .....	14
5.5.- Xeoloxía.....	17
5.6.-Flora .....	18
5.7.- Espazos naturais.....	20
5.8.- A paisaxe .....	23
5.9.- Infraestruturas viarias .....	27
5.10.- Infraestruturas de servizos.....	29
5.11.- Características das edificacións.....	30
6.- EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES E A SÚA CUANTIFICACIÓN.....	33
7.- EFECTOS PREVISIBLES SOBRE PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS CONCORRENTES. ....	35
7.1.- NNSSP da Lama: .....	35
7.2.- Directrices de Ordenación do Territorio (DOT).....	35
7.3.- Espazos protexidos.....	38
8.- MOTIVACIÓN DA APLICACIÓN DA DO PROCEDUREMTO DA AVALIACIÓN AMBIENTAL SIMPLIFICADA. ....	39
9.-RESUMEN DOS MOTIVOS DAS ELECCIÓN DA ALTERNATIVA .....	39

10.- MEDIDAS PREVISTAS PARA PREVIR, REDUCIR E, NA MEDIDA DO POSIBLE  
CORRIXIR CALQUERA EFECTO NEGATIVO RELEVANTE NO MEDIO AMBIENTE,  
TOMANDO EN CONSIDERACIÓN O CAMBIO CLIMÁTICO..... 40

11.- DESCRICIÓN DAS MEDIDAS PREVISTAS PARA O SEGUIMENTO DO PLAN... 41

## DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉGICO DA DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE O VERDUGO, A LAMA

### 1.- OBXECTIVOS DA DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL

O obxectivo do presente documento é a delimitación do núcleo de O Verdugo, sito na parroquia da Escuadra (San Lourenzo), no municipio de A Lama, provincia de Pontevedra.

Trátase dun procedemento amparado no disposto no artigo 78 e 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG, no que se indica que:

*Artigo 83.6:*

*No caso das modificacións do planeamento xeral que teñan por obxecto a delimitación do solo de núcleo rural de acordo co establecido no artigo 23, tramitaranse seguindo o procedemento establecido no artigo 78 desta lei.*

*Artigo 78.1:*

*Os municipios sen planeamento xeral poderán delimitar o solo dos núcleos rurais existentes, previa aprobación do correspondente expediente de delimitación, no que se acreditará o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 23 e se incluirán as determinacións contempladas no artigo 55 da presente lei.*

A delimitación do solo de núcleo rural responde ao interese xeral da poboación do lugar de O Verdugo, ao solucionar a inseguridade xurídica derivada dunha carencia de instrumento de planeamento urbanístico adecuado á súa natureza de núcleo rural.

O promotor da presente delimitación do núcleo rural de O Verdugo é o Concello de A Lama.

O redactor da presente modificación puntual de planeamento é a empresa OAU, Oficina de Arquitectura, urbanismo e Planificación SLP, representada polos arquitectos Juan A. Caridad Graña e Isidro López Yáñez.

## 2.- ALCANCE E CONTIDO DA DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL


### 2.1.- Antecedentes

Na actualidade, o instrumento de planeamento existente no Concello de A Lama consiste nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, aprobadas definitivamente o 26 de marzo de 1997, e redactadas de conformidade coa Lei 11/1985, de 22 de agosto, de adaptación da do solo a Galicia.

Con posterioridade aprobáronse catro modificacións puntuais, ningunha das cales afectou ós núcleos rurais sen delimitar, como é o caso de O Verdugo.


As Normas Subsidiarias non identifican o núcleo de O Verdugo como Núcleo Rural, clasificándoo como solo Non Urbanizable de protección agraria.

O Nomenclator distingue no concello de A Lama como un dos 129 núcleos repartidos nas súas 10 parroquias, os cales son recollidos no Plan Básico Autonómico. Entre eles atópase o núcleo rural de O Verdugo na parroquia de A Escuadra (San Lourenzo).



Núcleo de O Verdugo no Plan Básico Autonómico (PBA)





Fotografía aérea do voo americano de 1957



Fotografía aérea do núcleo de O Verdugo de 2020

## 2.2.- Contido da Delimitación do núcleo

O contido da delimitación de núcleo rural proposta responde ó disposto no artigo 55 da LSG, polo que o documento que se tramitará conterá a seguinte documentación:

**Delimitación do Núcleo Rural de O Verdugo**  
OAU  
Oficina de Arquitectura Urbanismo y Planificación SLP

Concello da Lama  
Abril de 2024 / (B) Borrador

- Unha memoria xustificativa da necesidade de acometer a delimitación do núcleo rural, a descrición e xustificación da delimitación proposta, o cumprimento da nova lexislación urbanística vixente.
- Un estudo do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional.
- Planos de información urbanística, referentes á ubicación, contextualización, relación co planeamento vixente e estado actual -en relación co estado dos terreos e as infraestruturas urbanísticas.
- Planos coa nova clasificación e ordenación urbanística proposta.



### 3.- PROPOSTA DE ALTERNATIVAS (RAZOABLES E TÉCNICA E AMBIENTALMENTE VIABLES)

Plantéxanse tres alternativas.

**Alternativa 0:** non execución da delimitación.

Consiste en non delimitar o solo de núcleo rural de O Verdugo, conservando a súa clasificación actual como Solo non Urbanizable de Protección Agraria e por conseguinte non dotalo dun instrumento de ordenación urbanística acorde condición de núcleo rural que o reflicta sobre a situación actual e defina liñas estratéxicas para o seu desenvolvemento e conservación.

Desta maneira, continúaase a alimentar a aparición de actuacións e intervencións ao marxe da lei, de carácter individualista, sen criterios urbanísticos de conxunto, que desembocará de forma inevitable na distorsión da paisaxe rural, na apropiación do territorio de forma descontrolada ou na despoboación e abandono ante a imposibilidade de optar por unha opción legal.






**Alternativa 1:** Dita alternativa consiste na delimitación do núcleo rural de O Verdugo nun núcleo tradicional, constituído polas edificacións de carácter tradicional, a gran maioría reflectidas na fotografía aérea do voo americano do 1957 e correspondentes a súa vez co xerme do asentamento, incluíndo as diferentes edificacións que se foron sucedendo nos últimos anos ao longo da vía que une o asentamento co núcleo rural de O Peso situado ao norte.



**Alternativa 2:** Dita alternativa consiste na delimitación do núcleo rural de O Verdugo nun núcleo tradicional, constituído polas edificacións de carácter tradicional, a gran maioría reflectidas na fotografía aérea do voo americano do 1957 e correspondentes a súa vez co xerme do asentamento, incluíndo as diferentes edificacións que se foron sucedendo nos últimos anos ao longo da vía que une o asentamento co núcleo rural de O Peso situado ao norte.



A alternativa "0" parte do feito de non delimitar o núcleo rural de O Verdugo, polo que continuaría a situación actual, sen un criterio urbanístico do conxunto e a aparencia de edificacións á marxe da lei .

A alternativa "1" partiría de incluír na delimitación aquelas vivendas tradicionais existentes en núcleo tradicional e prevendo unha compactación do crecemento do acordo co eixo da vía de conexión co Peso e o val do Barbeira.

A Alternativa 2, partiría de incluír na delimitación aquelas vivendas tradicionais existentes en núcleo tradicional e prevendo un crecemento do asentamento cara ó norte.

#### 4.- DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DA DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL

Co desenvolvemento da presente delimitación do núcleo rural de O Verdugo, produciranse os seguintes efectos:

- Regulación das edificacións existentes e control do crecemento.


- Menor afección sobre o medio ambiente, a paisaxe e o patrimonio.
- Fixación da poboación local.

## 5.- CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN DO MEDIO AMBIENTE ANTES DO DESENVOLVEMENTO DA DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL.

### 5.1.- Situación

#### A Comarca


O Concello de A Lama localízase no leste da provincia de Pontevedra, pertencendo ó espazo prelitoral que se sitúa ao redor das rías de Pontevedra e Vigo. A efectos comarcais o Concello da Lama encádrase dentro da comarca de Pontevedra, nunha situación periférica dentro da mesma, limitando coa provincia de Ourense coas comarcas do Ribeiro e Carballiño ao leste, coa comarca de Tabeirós polo norte, e coa de Vigo polo sur.



#### O Concello

O territorio municipal do Concello de A Lama ten unha extensión de 109 Km<sup>2</sup> e conta cunha poboación de 2.520 habitantes (segundo datos do padrón municipal do 2023), o que equivale a unha densidade de 23 hab/Km<sup>2</sup>, moi por debaixo da media de densidade poboacional de Galicia ( $\pm 100$  hab/Km<sup>2</sup>).





O municipio da Lama atópase dividido en 10 parroquias. De norte a sur:

- Santa Ana da Barcia do Seixo
- San Sebastián de Covelo.
- San Lourenzo da Escuadra.
- San Bartolomeu de Seixido.
- Santiago de Antas
- San Salvador da Lama
- San Bartolomeu da Xesta
- San Paulo de Xende
- San Pedro de Gaxate
- San Martiño de Verducido

A baixa densidade de poboación e a súa distribución por parroquias reflexa o escaso tamaño poboacional da maioría dos núcleos, estando estes espallados pola totalidade do municipio.




A súa capital é A Lama onde se localizan os servizos administrativos máis elementais (Casa do Concello, Centro de Saúde, Colexio Público, etc.).

### 5.2.- Características do relevo

A Lama presenta un relevo accidentado, encravado nunha zona de transición entre a Dorsal Galega e a Depresión Meridiana. O territorio municipal está composto por dúas unidades morfolóxicas: os vales dos Ríos Verdugo e Oitavén, que ocupan boa parte do concello; e as estribacións das serras do Cando e do Suído, onde se localizan as cotas máis elevadas.

O concello da Lama atópase drenado na súa totalidade polos Ríos Verdugo e Oitavén ou Xesta, no que conflúen os Ríos Barbeira, Escuro, dos Picos, Carrascal, da Loba e Ribeira da Rocha.

O Verdugo atópase no oeste do termo municipal, nun enclave limítrofe ca Serra do Cando e na saída do val do Río Verdugo, cunha altura de arredor de 380m.



Situación do núcleo de O Verdugo sobre plano Hipsométrico.

### 5.3.- Climatoloxía


O clima do concello está condicionado polo relevo e a localización xeográfica do municipio, situado no sur de Galicia na comarca de Pontevedra.

Na Lama, o clima propio do lugar, oceánico, vese modificado pola altitude e disposición do relevo. Así as borrascas atlánticas penetran polo val do Verdugo, dirixíndose as masas de aire húmido cara a zona montañosa, que actúa como pantalla pluviométrica, que explica o elevado volume de precipitacións, acadándose máis de 2.000mm anuais.

A situación meridional do concello fai que os veráns sexan secos. Rexístrase unha temperatura media anual de entre 13 y 14°C (Carballeira et col. 1983), dato que cambia segundo as zonas baixas o altas.

#### 5.4.- Hidrografía

A Lama pertence ó ámbito territorial de Galicia Costa, que comprende as cuncas que se atopan integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia correspondendo a súa xestión ó organismo autonómico Augas de Galicia. O Concello atópase na marxe máis oriental da demarcación, facendo contacto ca demarcación Miño-Sil coincidindo, co límite administrativo ca provincia de Ourense.



Participa integramente da cunca do Río Verdugo, e das subcuncas do Verdugo, Oitavén - Xesta, Barbeira e parcialmente, na marxe meridional, das de Río Parada de Valdohome.

A divisoria de augas destas cuncas percorre a zona de cumes. Ó norte noroeste sitúase a Serra do Cando, e ó oeste e sur a Serra do Súido.


A cunca hidrográfica do Verdugo drena uns 357 km<sup>2</sup> de superficie. Nace no Concello de Forcarei a 760 m de altitude e percorre os Concellos de Beariz , A Lama, Ponte Caldelas, Arcade e Soutomaior formando a ría de Vigo, cun percorrido de 47 km.

Así mesmo, é o río que da nome ao núcleo obxecto da presente delimitación, que se sitúa acaroadado á súa ribeira norte, nun ámbito no que a súa orografía se suaviza dando paso a unha zona humanizada con numerosas sendas e muiños.

A outra cunca de maior importancia é a do Río Oitavén, que nace na confluencia das augas dos Ríos Xesta e Ermitas, no propio concello da Lama, a unha altitude de 360 metros, e que percorre ata a súa desenvocadura no Río Verdugo 19 km, que suman 34 km de incluímos o percorrido do seu principal afluente: O Xesta.

O percorrido afecta ós concellos da Lama, Ponte Caldelas, Fornelos de Montes e Soutomaior, conformando a cunca de 177 km<sup>2</sup> , que mantén ó igual que o Río Verdugo un corte en “V” pronunciada, formando vales con pendentes moi elevadas nos treitos do curso alto.

O Río Oitavén subministra ademais a auga do encoro das Eiras, xa fora do Concello da Lama, de grande importancia para a comarca de Vigo.




De entre os afluentes que regan o Verdugo no Concello da Lama, destacan, seguindo o transcurso das augas, o Rego da Portela, Rego da Freixa, Rego de Portalaxe, Rego da Insua, Rego das Casas e Rego de Sanabria, Regueiro de Xuque e o Río Barbeira todos eles na marxe da Serra do Cando. Este último facendo contacto tamén co núcleo de O Verdugo, xunto co río homónimo.

Augas abaixo do Río Barbeira, destaca por último o Río Calvelle, procedente do concello de Cerdedo Cotobade.

Pola marxe do Suído son menos os cursos de auga que desenvocan no Verdugo, destacando o Rego dos Picos, Regueiro do Carrascal e Rego das Covas.

Respecto do Oitavén, o seu principal afluente é o Xesta, que aporta máis da metade do seu caudal e da nome á cunca. Este percorre o Concello recibindo as augas dos Regos dos Regadoiros, Rego das Augaceiras, Rego do Batán e Regueiro da Fonte Fragosa. Por último o xesta desemboca no Verdugo confluindo co Rego das Ermidas, xa nas parroquias de Gaxate, Xende e Verdugido, as máis ao sur do Municipio.






O núcleo de O Verdugo sitúase rodeado por ríos, sendo o Verdugo e o Barbeira barreiras naturais que o delimitan por Sur, Este e Oeste. Ademais, a escasos metros prodúcese tamén a foz do Rego de Fontenla, na ribeira oposta ao Barbeira.


### 5.5.- Xeoloxía

Dende o punto de vista xeolóxico o concello da Lama atópase practicamente dentro dunha única unidade litolóxica, rochas graníticas de granito de dúas micas de gran groso. En pequenas zonas do Concello distínguense ademais granito de dúas micas con gran medio-fino e con megacristais.

Tamén existe unha pequena zona de micaesquistos grises e esquistos verdes albíticos con estaurólita e/ou granate, aínda que a súa presenza é testemuñal. Non existen afloramentos de depósitos aluviais.



A cantidade de auga que se infiltra nas capas subterráneas é o resultado do balance entre a precipitación e a evaporación e a escorrenta que se produce, resultando nunha permeabilidade baixa na meirande superficie do termo municipal.



### 5.6.-Flora

A comarca de Pontevedra presenta fortes contrastes de clima, relevo e, polo tanto, vexetación. O Río Verdugo actúa como barreira e camiño na migración das plantas.



A presenza de vexetación atípica, mediterránea (xarais, sobreiras, aciñeiras), nunha rexión como Galicia, de marcado carácter atlántico, reafirma o interese da conservación destes peculiares ecosistemas.

A vexetación de alta montaña, con gran número de endemismos, e a presenza de relictos de vexetación de épocas pasadas (como o teixedal) aumenta o interese científico desta zona.

Dende o punto de vista corolóxico ou fitoxeolóxico, a maior parte do territorio (>90%) pertence á rexión Mediterránea. No territorio desta, quedan algúns taxóns eurosiberianos. Son taxóns de marcado carácter residual, reflexo de épocas de clima máis frío e húmido.

En canto á fauna presente no concello da Lama, non existen estudos nin catálogos faunísticos rigorosos sobre a mesma. En xeral, poderíase dicir que é a típica do centro de Galicia, aínda que as especies mais comúns están abondo diminuídas pola presión cinexética e pola antropización do corredor do Río Verdugo.

A continuación cítanse algunhas das especies que pertencen a distintos grupos mencionados en diversos estudos consultados.

#### PEIXES

- *Salmo trutta trutta* (reu)
- *Salmo trutta fario* (troita)
- *Chondrostoma polylepis* (boga)
- *Anguilla anguilla* (anguila)

#### ANFIBIOS E REPTÍS

- *Triturus boscai* (tritón)
- *Salamandra* (salamandra)
- *Bufo bufo* (sapo comun)
- *Lacerta schreiberi* (lagartixa)
- *Natrix natrix* (cobra de collar)
- *Vipeira seoani* (vibora de seoane)

#### MAMÍFEROS

- *Erinaceus europaeus* (ourizo)
- *Talca occidentalis* (toupa)
- *Ripistrellus pipistrellus* (mórcego comun)
- *Oryctolagus cuniculus* (coello)
- *Sciurus vulgaris* (esquío)
- *Arvicola japidus* (pouca de auga)
- *Rattus norvegicus* (pouca comun)


#### AVES

- *Buteo buteo* (ratoeiro)
- *Tyto alba* (coruxa)
- *Cinclus cinclus* (melro)
- *Erithacus rubecula* (petirrojo)
- *Passer domesticus* (gorrión)
- *Pyrrula pyrrula* (reiseñor)

- *Rattus rattus* (pouca cenicienta)
- *Apodemus sylvaticus* (rato de campo)
- *Mus musculus* (rato caseiro)
- *Vulpes vulpes* (raposo)
- *Lutra lutra* (lontra)
- *Sus scrofa* (xabaril)

### 5.7.- Espazos naturais

O Decreto 72/2004, de 12 de abril, declara como zonas de especial protección dos valores naturais (ZEPVN) os lugares de importancia comunitaria (LICs) que forman parte da Rede Europea Natura 2000, as zonas de especial protección para as aves (ZEPAS), e establece a denominación e a superficie de cada unha de elas, así como os concellos onde se sitúan.





Os lugares que forman parte da Rede Natura 2000, son representativos de certo número de tipos de hábitats naturais e de ámbitos onde viven especies vulnerables, que son identificados, designados e protexidos polos Estados membros.

No concello da Lama existe unha área dentro destas figuras de protección: a ZEPVN Serra do Cando.



O núcleo de O Verdugo atópase fora deste perímetro, lindando co mesmo xusto no seu extremo suroeste, onde o val do Río Verdugo cambia lixeiramente a súa orografía cara unha sección menos pronunciada, nun punto case coincidente coa confluencia do Río Barbeira.

O código LIC é ES1140014. Esta serra localízase dentro da denominada Dorsal Galega, no centro-sudoeste da comunidade. É unha serra de mediana altitude que conta con notables extensións de matogueira xunto con pequenas carballeiras. Ademais ten pequenas superficies de turbeiras e torgueiras con esfango. A altura media da serra é de 716 m. Nela atópanse 7 hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE).

-Pozas temporais mediterráneas

-Uceiras húmidas atlánticas meridionais de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*

- Uceiras secas
- Uceiras oromediterráneas endémicas con *Ulex parvifolius*
- Pasteiros pioneiros en superficies rochosas
- Bosques aluviais residuais
- Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*

No relacionado coa flora ea vexetación existen extensas áreas cubertas por comunidades de mato: *Ulici minoris-Ericetum umbellatae*; *Ulici europaei-Ericetum cinereae*; *Ulici europaei-Cytisetum striati*. Destacan, así mesmo, os bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*) e as formacións de esfagno (*Sphagnum pylaisii*) en zonas hidromorfos.

Cómpre subliñar tamén a presenza do narciso (*Narcissus cyclamineus*) e do salgueiro (*Salix salvifolia ssp. Australis*).

Respecto a fauna entre os invertebrados, destacan as poboacións de *Geomalacus maculosus*, *Oxygastra curtisii*, *Euphydrys aurinia*, *Lucanus cervus* e *Cerambyx cerdo*. Nos ríos, é importante a presenza de *Margaritifera margaritifera*.

Entre os vertebrados, hai poboacións de cobra rateira (*Malpolon monspessulanus*) de interese bioxeográfico por seren das máis noroccidentais da península Ibérica. Tamén é destacable a presenza de píntega rabilonga (*Chioglossa lusitanica*) e de lagarto das silveiras (*Lacerta schreiberi*). Entre a avifauna nidificante destacan aves de rapina como o miñado abelleiro (*Pernis apivorus*), aguiá cobreira (*Circaetus gallicus*), gatafornela (*Circus cyaneus*), tartaraña cincenta (*Circus pygargus*), lagarteiro (*Falco tinnunculus*), falcón pequeno (*Falco subbuteo*) e moucho de orellas (*Otus scops*).

Outras aves nidificantes son a avenoiteira cincenta (*Caprimulgus europaeus*), o picapeixe (*Alcedo atthis*), a cotovía das árbores (*Lullula arborea*), a pica campestre (*Anthus campestris*), a pica das árbores (*Anthus trivialis*), o pedreiro cincento (*Oenanthe oenanthe*), a papuxa do mato (*Sylvia undata*), e o picanzo vermello (*Lanius collurio*), e non reprodutoras (migración/invernada) de pica dos prados (*Anthus pratensis*). Entre os mamíferos, destaca a presenza de toupeira da auga (*Galemys pyrenaicus*), dos morcegos (*Rhinolophus hipposideros*, *Rhinolophus ferrum-equinum* e *Myotis myotis*), da lontra (*Lutra lutra*), nos ríos, e probablemente existe un núcleo reprodutor de lobo (*Canis lupus*).

Tipos de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE	
Nat-2000	Hábitat do Anexo I da DC 92/43/CEE (Abreviado)
3130	Augas oligotróficas ou mesotróficas
3260	Ríos dos pisos basal a montano
4020 *	Queirogais húmidos atlánticos de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	Queirogais secos europeos
6220 *	Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde <i>Thero-Brachypodietea</i>
6410	Prados con <i>Molinia</i>
6430	Megaforbios eútrofos higrófilos das orlas de chairas
6510	Prados de sega de baixa altitude
7110 *	Turbeiras altas activas
7140	Mires de transición
7150	Depresións sobre sustratos turbosos do <i>Rhynchosporion</i>
8130	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira
8310	Covas non explotadas polo turismo
91E0 *	Bosques aluviais de <i>Fraxinus excelsior</i> e <i>Alnus glutinosa</i>
9230	Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Q. pyrenaica</i>

Táboa 2. Tipos de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE da Serra do Cando. Os hábitats de interese comunitario de Galicia. Páxina 180.

### 5.8.- A paisaxe

Dende o punto de vista da xeografía, a paisaxe é un espazo ou territorio sobre o que se relacionan diferentes elementos xeográficos, físicos, biolóxicos e humanos, que forman un conxunto diferenciado.

A Comunicación da Comisión Europea concibe a paisaxe como “sistemas coa súa propia xeoloxía, os seus propios usos do solo, características naturais e artificiais, fauna e flora, cursos de auga e clima. As paisaxes son formadas e caracterizadas polas condicións socioeconómicas e os modelos de asentamento da poboación. A preservación e mellora das paisaxes son importantes para a calidade de vida, así como para o funcionamento dos sistemas naturais.

A Lama aséntase dentro da Grande Área paisaxística denominada Rías Baixas. Dentro desta o concello emprazase na comarca paisaxística Vigo Prelitoral.

A morfoloxía do Vigo prelitoral está condicionada pola Serra do Cando no nordés e a do Suido ao leste, superando os 1.000 m de altitude, así como polo interfluvio que se forma entre ambas as dúas, que separa as bacías dos ríos Verdugo e Oitavén. A súa morfoloxía é de superficie de aplanamento, desgastada polos pequenos cursos dos ríos, con formas redondeadas que contrastan cos vales encaixados. A altitude media oscila entre os 800 e 900 m,



acadando a súa elevación máxima en Outeiros do Couto (1.017 m). A Serra do Suído, que actúa de límite xeográfico coa provincia de Ourense, presenta un nivel de cumes moi homoxéneo e unha altitude máxima de 1.027 m en Coto de Puza.

A zona ocupada pola comarca de Vigo Prelitoral constitúe a transición cara a área posterior de Galicia Central. Hai concellos da zona litoral, nomeadamente os que lindan con Galicia Central, que participan das características desta zona. Fronte á zona litoral, nesta zona a presenza da gandería é maior, o que denota a maior superficie dedicada a pasteiro, que duplica porcentualmente á do litoral. A superficie forestal, non obstante, presenta valores máis reducidos ca no litoral, dada a maior actividade agraria. Isto explica que as poucas concentracións parcelarias feitas na área se fixeran nesta zona precisamente. A superficie media das explotacións mostra unha tendencia crecente a medida que aumenta a distancia á costa, presentando valores xa superiores á media provincial nos concellos máis extremos.

No caso do núcleo de O Verdugo observase a posición do asentamento fortemente condicionada polas características do relevo descritas, presentes en todo o relevo municipal. Os límites do núcleo defínense nas ribeiras dos ríos Verdugo e Barbeira por sur e leste, a estrada EP-3060 polo oeste, e a masa forestal ao norte, feito que tamén condicionou o seu pequeno tamaño e o seu pouco crecemento respecto do xerme orixinal.

A tipoloxía de núcleo é mononuclear pouco compacta, agrupándose as vivendas seguindo o eixo sur-norte que permite o aproveitamento dos terreos máis propicios cara ó leste, onde a topografía descende no Río Barbeira.



O asentamento preséntase máis compacto no extremo sur, no que se produce o acceso principal ao núcleo e a conexión ca ponte peatonal do Río Verdugo





Vista aérea do núcleo e dos terreos que se sitúan ao oeste, onde se sitúa a canle do Río Barbeira. Ao fondo, o núcleo de O Peso e a Serra do Cando







Espazos interiores do núcleo de relación cos terreos agrarios e a cunca do Río Barbeira. Peches tradicionais.






Camiño principal de acceso ás fincas no punto de conexión ca EP-3060.

### 5.9.- Infraestruturas viarias

A rede viaria municipal componse actualmente dun conxunto de estradas de diversa titularidade e da malla que forman os camiños públicos de carácter rural. Por xerarquía destacan tres estradas da rede autonómica e ata 7 estradas da rede provincial.





As tres vías de titularidade autonómica son estradas convencionais da rede local.

A estrada PO-235 une Carballedo, no veciño concello de Cotobade co límite da provincia de Ourense. No concello da Lama desenvolve unha lonxitude total de 15,47 km. É unha das principais comunicacións interiores do municipio e conta cunha IMD moi baixa, inferior a 1.500 vehículos cun número de pesados inferior a 50.

A estrada PO-241 é a principal comunicación da capital municipal con Pontevedra. Parte da parroquia de Antas e despois de pasar pola capital municipal chega ó núcleo de Caritel, no veciño concello de Ponte Caldelas, dende onde os veciños da Lama acceden á capital provincial. Motivado por isto ten unha IMD superior á anterior, oscilando entre os 1.500 e os 3.000 vehículos.

A estrada PO-255 é tanxencial ó Concello e une os municipios de Ponte Caldelas e a Cañiza, no enlace coa estrada N-120. A súa IMD, ó paso pola Lama tamén é moi baixa, inferior a 1.500 vehículos.

A PO-235 conta con dous treitos perfectamente diferenciados, un entre Cotobade e Antas e outro entre Antas e o límite da provincia. O primeiro presenta unha sección de calzada que varía entre os 6,3 e os 7 m con beiravías que roldan os 0,50 m. Existen estreitamentos puntuais sen beiravías e cun ancho da calzada que se reduce ata os 5,80 m. O segundo treito presenta un ancho de calzada que abala entre os 5,30 e os 6 m e non conta con beiravías. As pendentos lonxitudinais non sobrepasan o 6%.

Na PO-255 tamén se distinguen claramente dous treitos, un dende Ponte Caldelas ata a PO-250 e outro dende este punto ata a Cañiza. Como no caso anterior, o primeiro treito, o que se sitúa máis próximo a Pontevedra conta cun bo trazado, cunha calzada que abala entre os 6,7 e o 7,3 m de ancho total con beiravías que van dende os 0,50 ata os 1,50 m. No segundo treito, o que comunica coa Cañiza a estrada estreítase, cunha sección de calzada que abala entre os 5,50 e os 6 m sen beiravía.

Por último, a estrada PO-241 tamén presenta dous treitos ben diferenciados, un entre a capital municipal da Lama e Caritel cun ancho de calzada de 6,8 m e beiravías que abalan entre os 0,50 m e os 1,50 m; outro treito entre a capital municipal e Antas, cunha sección moito menor e sen beiravías.

Como os principais fluxos de vehículos da Lama se producen sempre cara a Pontevedra pódese asegurar que o Concello conta a día de hoxe cunha infraestruturas de comunicación ben dimensionadas.

Os aforos das estradas da deputación son os seguintes:

Código	Denominación	IMD lixeiros	IMD pesados	IMD total
EP-0301	A Lama-Ponte do Verdugo	1.358	44	1.402
EP-0302	Berducido-A Laxe-Eiroa	95	9	104



EP-0303	Gaxate-As Ermidas	104	9	113
EP-0304	As Ermidas-Liñares	44	1	45
EP-0305	As Ermidas-Pigarzos	115	2	117
EP-0306	Ponte do Verdugo-Cambeses-Barcia	260	5	265
EP-0307	O Peso-Caroi	200	5	205

Como se pode apreciar na táboa axunta, tan so a estrada EP-0301 conta cunha IMD significativa. Esta estrada une as autonómicas PO-235 e PO-241 motivo polo cal conta cunha IMD similar a estas dúas últimas. Así completa o anel principal de comunicacións por estrada da Lama. A súa sección está conformada por unha calzada de 7 m de ancho con beiravías de entre 0,50 e 1 m a cada lado.

A IMD das restantes estradas da Deputación é testemuñal. Aínda así a súa sección é axeitada para un tráfico baixo, aínda que carecen na súa meirande parte de beiravías

Non existe na Lama comunicación por ferrocarril.

Mapa RAEGA


Estas estradas non atravesan o asentamento de O Verdugo, ao que se accede dende a EP-3060, Ponte do Verdugo-Cambeses-A Barcia, e á que se conecta o principal camiño de acceso ás fincas do núcleo, que discorre paralelo á estrada seguindo o eixo Norte-Sur.

### 5.10.- Infraestruturas de servizos

#### Abastecemento de auga

O núcleo de O Verdugo conta con unha instalación de captación de augas subterráneas, con dous puntos de captación situados en terreos pertencentes á comunidade de montes veciñais da Escuadra, situados a uns 230 metros ao noreste do núcleo.

A instalación consta de unha rede que seguindo a suave pendente que o terreo presenta neste trazado conecta os mananciais ó resto de equipos para o subministro. A 50 metros ao leste do núcleo sitúanse dous depósitos dende os que se conectan dous ramais que dan subministro ás parcelas.



Rede de captación veciñal. Fonte: Memoria Técnica de aproveitamento de auga para uso doméstico. Comunidade de Usuarios de O Verdugo.

Ademáis do sistema de traida de auga veciñal, existen en algúns casos pozos individuais situados nas parcelas privadas.

### Saneamento

O asentamento de O Verdugo non conta con rede de saneamento municipal. O saneamento realízase mediante fosas sépticas individuais e privadas.

#### 5.11.- Características das edificacións

O núcleo de O Verdugo conta con 23 edificacións, das cales 13 son construcións dedicadas a vivenda.

Trátase de edificacións antigas na súa gran maioría, anteriores á entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio, tal e como se pode apreciar na imaxe do voo americano 1956-57 (epígrafe 2. Identificación do núcleo), onde se aprecian a case totalidade das mesmas.

A tipoloxía das vivendas tradicionais existentes presenta muros de carga e fachada de pedra á vista, cuberta a dúas augas e tella do país, dúas alturas e agrupadas entre elas. Nas marxes destas aparecen edificacións auxiliares, presentándose estas nos principais conxuntos construídos anexadas ás vivendas, constituíndo un conxunto edificado con patio central ao que se pode acceder a través dunha das edificacións ou directamente baixo un dos corpos que libera a planta baixa permitindo o paso libre. Esta estrutura repítese en varias das edificacións constituíntes do núcleo.

O estado das construcións é bo na maioría dos casos, podendo apreciarse na actualidade como se están a acometer traballos de rehabilitación daquelas edificacións que se atopaban máis deterioradas, pero que na súa maioría conservaban a estrutura de muros de pedra orixinal en bo estado de conservación.

A continuación amósanse algunhas das edificacións clasificándoas en tradicionais e modernas:

#### Edificacións tradicionais ou que conservan a maioría de elementos tradicionais







Edificaci3n con predominio de elementos modernos





## 6.- EFECTOS AMBIENTALES PREVISIBLES E A SÚA CUANTIFICACIÓN.

Os efectos ambientais previsibles son os seguintes:

- Solos

A delimitación do núcleo rural de O Verdugo, tanto na alternativa 1 como na 2 levará aparellado un maior consumo de solo rural, non en tanto, parte desta delimitación do solo rural atópase xa edificada, polo que se entende que a delimitación terá efectos positivos sobre esta variable.

- Paisaxe

A delimitación do núcleo rural terá efectos positivos sobre esta variable ao regular as edificacións sobre o territorio, garantindo o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural do terreo.

Polo que se entende que a delimitación, tanto na alternativa 1 como na 2, terá efectos positivos sobre esta variable.

- Natureza

A delimitación do núcleo rural non se atopa inmersa en ningún espazo natural protexido, polo que tampouco se esperan efectos significativos sobre esta variable.

- Patrimonio

A delimitación do núcleo rural inclúe tamén a catalogación de 5 hórreos, polo que se entende que a delimitación, tanto na alternativa 1 como na 2, terá efectos positivos sobre esta variable.

- Sociedade e economía.

A delimitación do núcleo rural permitirá a regularización das vivendas existentes.

- Consumo de auga

O posible aumento do consumo de auga está relacionado co aumento de poboación do ámbito.

A execución da alternativa 1 suporá a posibilidade de execución de 3 novas vivendas, a maiores das xa existentes.

O consumo de auga aumenta en 1.275 litros/día (170 l/hab/día, 2,5 hab/viv segundo o plan hidrolóxico Galicia Costa). Este aumento non se considera significativo dada a rede de suministro existente.

- Verquidos

Os verquidos que se van producir son proporcionais á auga consumida. Xa se aclarou da escasa importancia do aumento do consumo de auga.

- Residuos sólidos urbanos

En termos xerais producirase un incremento por mor da posibilidade de executar ata 24 novas vivendas máis.

- Contaminación atmosférica derivada do tráfico

Estímase un aumento de 6 vehículos día (estimando 2 vehículos por vivenda) circulando polas proximidade do núcleo rural. Considerando unha media de percorrido de 10 km, o aumento dos GEI asociado a esta actuación estímase en 0,005 T/ano, o que, comparativamente co contorno, se considera compatible.

- Contaminación luminosa

A delimitación do núcleo xa conta con alumeado público, polo que non se produce aumento da contaminación luminosa.

- Consumo de enerxía

A execución do ámbito producirá un aumento do consumo de enerxía.

Cun grao de electrificación alta as 3 vivendas que se poderán edificar necesitarán unha potencia de 28 kW.

## 7.- EFECTOS PREVISIBLES SOBRE PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS CONCORRENTES.

### 7.1.- NNSSP da Lama:

A DNR proposta é compatible coas NNSSP vixentes, segundo determina a LSG nos seus artigos 78 e 83.

#### *Artigo 83.6:*

*No caso das modificacións do planeamento xeral que teñan por obxecto a delimitación do solo de núcleo rural de acordo co establecido no artigo 23, tramitaranse seguindo o procedemento establecido no artigo 78 desta lei.*

#### *Artigo 78.1:*

*Os municipios sen planeamento xeral poderán delimitar o solo dos núcleos rurais existentes, previa aprobación do correspondente expediente de delimitación, no que se acreditará o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 23 e se incluirán as determinacións contempladas no artigo 55 da presente lei.*

### 7.2.- Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)

As Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), aprobadas definitivamente polo Decreto 19/2011 de 10 de febreiro, teñen como finalidade básica definir un Modelo Territorial para Galicia que permita orientar as actuacións sectoriais, dotándoas de coherencia espacial e das referencias necesarias para que se desenvolvan de acordo cos obxectivos xerais da política territorial de Galicia.




O Modelo Territorial de Galicia toma como referencias fundamentais as establecidas na política territorial da Unión Europea e na Lei de Ordenación do Territorio de Galicia e pódense sintetizar nos seguintes puntos;

- O desenvolvemento económico equilibrado e sostible, para que Galicia se aproxime aos niveis de renda e de riqueza das rexións mais desenvolvidas
- A cohesión social e a mellora de vida da poboación, de xeito que todas as persoas dispoñan dun nivel axeitado de servizos e oportunidades.
- A utilización racional do territorio e a sustentabilidade ambiental, mediante a xestión responsable dos recursos naturais e a protección do medio ambiente.

No marco da Lei de Ordenación do Territorio de Galicia, as DOT son o instrumento que ofrece a visión global da ordenación territorial de Galicia servindo como referencia do resto das figuras de planificación e para as actuacións que desenvolvan tanto as Administracións coma os particulares.

O concello da Lama queda a medio camiño entre a Rexión Urbana das Rías Baixas Vigo-Pontevedra e o espazo rural. A parroquia da Lama é a que sofre a influencia da cidade de Pontevedra. Porén, o resto do concello englobase na categoría do espazo rural, polo que podemos considerar o Concello da Lama no seu conxunto dentro de este ámbito, sendo este territorio rural a base da maior parte da súa economía e das súas actividades produtivas e sociais ben articuladas pola estrutura parroquial e as centralidades propias das cabeceiras de cada unha das dez parroquias.



Núcleos interiores vinculados al patrimonio rural

Directrices do Territorio (DOT)


O desenvolvemento urbano do concello da Lama, vai a depender da potencialidade de estruturación do sistema urbano intermedio e da flexibilidade, dinamismo e capacidade de actualización da subestrutura de pequenos núcleos e parroquias rurais que articula o hábitat do concello.

As estratexias dadas polas DOT plantexan introducir medidas preventivas e correctoras da dispersión e favorecer unha regulación que xere unha transición ordenada, especialmente nos bordos urbanos, entre a cidade e o espazo rural. O incremento da mobilidade colectiva, as melloras no viario e a xeración de espazos públicos así como de equipamentos, xunto a pautas correctoras que permitan canalizar e organizar as dinámicas difusoras e de asentamento no espazo rural de usos de natureza claramente urbana, deben ser referencias fundamentais.

O obxecto da delimitación do núcleo encamiñase cara estas estratexias, e é plenamente compatible coas DOT.

### 7.3.- Espazos protexidos

Como se sinala no apartado 5.7 de espazos naturais, O Decreto 72/2004, de 12 de abril declara como zonas de especial protección dos valores naturais (ZEPVN) os lugares de importancia comunitaria (LICs) que forman parte da Rede Europea Natura 2000, as zonas de especial protección para as aves (ZEPAS), e establece a denominación e a superficie de cada unha de elas, así como os concellos onde se sitúan.



Os lugares que forman parte da Rede Natura 2000, son representativos de certo número de tipos de hábitats naturais e de ámbitos onde viven especies vulnerables, que son identificados, designados e protexidos polos Estados membros.

No concello da Lama existe unha área dentro destas figuras de protección: a ZEPVN Serra do Cando.





O núcleo de O Verdugo atópase fora deste perímetro, lindando co mesmo xusto no seu extremo suroeste, onde o val do Río Verdugo cambia lixeiramente a súa orografía cara unha sección menos pronunciada, nun punto case coincidente coa confluencia do Río Barbeira.

## 8.- MOTIVACIÓN DA APLICACIÓN DA DO PROCEDIMENTO DA AVALIACIÓN AMBIENTAL SIMPLIFICADA.

Enténdese que a delimitación do núcleo rural que se plantexa debe someterse ó procedemento de avaliación ambiental simplificada polos seguintes motivos:

- A delimitación é plenamente compatible coas DOT.
- A delimitación non afecta a espazos incluídos na Rede Natura 2000 nin a outros espazos protexidos pola lexislación sectorial.
- A delimitación tal e como quedou expresado, leva aparellados, na meirande parte das variables analizadas, efectos positivos.

## 9.-RESUMEN DOS MOTIVOS DAS ELECCIÓN DA ALTERNATIVA

Tal e como se indicou anteriormente plantéxanse tres alternativas.

A alternativa "0" xa amosou a súa inviabilidade ó continuar coa situación actual sen un criterio urbanístico do conxunto e a aparición de edificacións á marxe da lei.

As alternativas 1 e 2 supoñen a delimitación do núcleo de O Verdugo.

A alternativa 1 presenta unha menor área delimitada, incluíndo no seu interior todas as vivendas existentes a día de hoxe e prevendo un crecemento bastante compacto dacordo ao eixo do camiño de conexión co núcleo de O Peso pola súa marxe norte. Crecendo cara a cunca do Río Barbeira, en continuidade co resto o núcleo.

A alternativa 2 presenta unha maior área delimitada, prevendo un maior crecemento do asentamento cara a marxe norte seguindo unicamente a traza marcada polo camiño de conexión co núcleo de O Peso.

Con respecto á natureza e ó patrimonio non se esperan en ningunha das dúas alternativas especiais afeccións pola distancia destas ós espazos protexidos.

Con respecto á variable sociedade e economía valóranse as dúas alternativas por igual.

As variables de consumo de auga, verquidos, residuos, contaminación atmosférica e luminosa, relaciónanse coa superficie do ámbito polo que a alternativa 2 supera á alternativa 1. Non en tanto, ditos consumos, verquidos, residuos, etc., xa existen na actualidade, posto que a maioría das parcelas incluídas na delimitación se atopan edificadas e participan de ditas redes.

Tendo en conta as cuestións plantexadas, enténdese que a alternativa máis axeitada resulta a 1.

## **10.- MEDIDAS PREVISTAS PARA PREVER, REDUCIR E, NA MEDIDA DO POSIBLE CORRIXIR CALQUERA EFECTO NEGATIVO RELEVANTE NO MEDIO AMBIENTE, TOMANDO EN CONSIDERACIÓN O CAMBIO CLIMÁTICO.**

Este apartado describe as medidas que se adoptarán para prever, reducir e contrarrestar calquera efecto negativo para o medio ambiente ou ámbito socioeconómico derivado da aplicación da delimitación do núcleo rural de O Verdugo.

Os impactos máis importantes que se prevén no desenvolvemento e aplicación da Delimitación do núcleo rural é o referido ao aumento das posibles vivendas executables (3).

Existen impactos derivados da fase de execución das obras das novas posibles vivendas, os cales desaparecen no momento no que a edificación está totalmente rematada.

Estes a súa vez van acompañados dun aumento do número de habitantes o que se traduce no aumento dos residuos sólidos urbanos, no aumento da contaminación luminosa e no aumento no consumo de enerxía.

En todo caso estes efectos teñen unha dimensión tan reducida que non se poden considerar representativos á hora de deseñar unha serie e medidas correctoras particulares para este ámbito concreto.

Existen outras medidas xenéricas que serán tomadas como a recollida selectiva que xa se leva a cabo no concello de a Lama, o uso de sistemas de iluminación máis eficientes e a obrigatoriedade para as novas vivendas de incorporar sistemas que minimicen o consumo de enerxía.

#### **11.- DESCRICIÓN DAS MEDIDAS PREVISTAS PARA O SEGUIMENTO DO PLAN.**

Tendo en conta os impactos identificados e/ou previstos nas diferentes fases de execución da Delimitación do núcleo rural non se considera necesario deseñar ningún plan de seguimento.

A Lama, abril de 2024

Polo equipo redactor

Juan A. Caridad Graña

Isidro López Yáñez

Arquitecto

Arquitecto